

Fraseoloxía serbia: consolidación da disciplina e cuestións terminolóxicas¹

Serbian Phraseology: Consolidation of the Discipline and Terminological Issues

Aneta Trivić

Univerzitet u Beogradu (Serbia)
ORCID: 0000-0003-1027-311X
anetatrivic@gmail.com

Anđelka Pejović

Univerzitet u Beogradu (Serbia)
ORCID: 0000-0002-9565-4124
andjelka.pejovic@fil.bg.ac.rs

Resumo: Neste traballo, emprendemos a tarefa de ofrecer un panorama da evolución e dos alcances máis importantes da fraseoloxía serbia. Presentamos a orixe e consolidación da disciplina en circunstancias temporais e espaciais dadas, e organizámolas en dúas direccións. Na primeira, facemos un percorrido polo labor fraseográfico e paremiográfico, pasando polas primeiras coleccións de refráns, os primeiros dicionarios fraseolóxicos bilingües, o dicionario fraseolóxico monolingüe serbo-croata e, finalmente, o dicionario fraseolóxico serbio. A segunda dirección que adoptamos representa as investigacións relevantes sobre a teoría da fraseoloxía serbia, encabezadas pola obra de Dragana Mršević-Radović e outros autores eminentes que tratan temas como a determinación da disciplina, do seu obxecto de estudo e da descrición e clasificación das súas unidades. No tratamento das cuestións fraseolóxicas teóricas, representamos os principios adoptados por lingüistas serbias/serbios (e exiugoslavos/exioguslavos) na delimitación da fraseoloxía, do seu obxecto de estudo e da nomenclatura e clasificación das súas unidades. Extraemos paralelismos coa escola fraseolóxica española e con outras escolas europeas, indicando sempre as peculiaridades da serbia, especialmente no que respecta ao ámbito de estudo e á tipoloxía das unidades fraseolóxicas.

Palabras clave: fraseoloxía serbia, fraseografía serbia, terminoloxía, unidade fraseolóxica, fraseoloxismo.

¹ Data de recepción: 24.10.2023. Data de aceptación: 08.02.2024.
Tradución feita por Beatriz Pérez Mosquera.

Abstract: *In the paper work we undertake the task of offering an overview of the development of phraseology in Serbia, as well as representing its' most important accomplishments. We start the investigation with describing the origin and consolidation of the discipline in given temporal and spatial circumstances, and we organize such process in two directions. Firstly, we depict the phraseographic and paremiographic work, going through the first collections of proverbs, first bilingual phraseological dictionaries, monolingual Serbian-Croatian phraseological dictionary, and finally the Serbian phraseological dictionary. The second direction we adopt represents the relevant researches on theory of Serbian phraseology, headed by the work of Dragana Mršević-Radović and other eminent authors who address topics such as the determination of the discipline, object of its study, description and categorization of its units. In the treatment of theoretical phraseological issues, we represent the principles adopted by Serbian (and ex-Yugoslav) linguists when it comes to the description, nomenclature and classification of phraseological units. We draw parallels with the Spanish phraseological school and with other Western European schools, always indicating the peculiarities of the Serbian phraseology, especially those that regard the range of the study and the typology of the phraseological units.*

Keywords: *Serbian phraseology, Serbian phraseography, terminology, phraseological unit, idiom.*

1. Introducción

No presente traballo, entendemos a fraseoloxía como un dos compoñentes esenciais para o coñecemento e uso adecuado de calquera lingua, independentemente de que sexa lingua materna ou segunda lingua. Consideramos que o termo *fraseoloxía* ten dúas acepcións. Por un lado, implica a disciplina lingüística que ten como obxecto de estudo as unidades fraseolóxicas. Esta interpretación é de natureza teórica e abrangue cuestións como a determinación, a descrición ou a clasificación das unidades que son obxecto de estudo da fraseoloxía. Por outro lado, o termo tamén pode referirse ás unidades fraseolóxicas concretas dunha lingua, interpretadas e usadas polas e polos falantes desa comunidade lingüística. Esta interpretación é máis de carácter empírico (por exemplo, cando falamos da fraseoloxía dunha lingua determinada: a serbia, a española, a inglesa etc.).

Daquela, tendo en conta que é unha área lingüística heteroxénea e interdisciplinaria, a fraseoloxía caracterízase pola diversidade temática e terminolóxica, igual que pola forte interrelación con outras disciplinas lingüísticas e non lingüísticas. A importancia do seu uso nos diversos contextos comunicativos é indubidable e aparece en múltiples aspectos: comunicativo, didáctico, expresivo, linguocultural etc. Un dos aspectos principais, o glotodidáctico, maniféstase nas (sub)disciplinas lingüísticas de carácter educativo. A aprendizaxe dunha lingua non se pode considerar cumprida nin completa sen o ensino e práctica das diferentes construcións e xiros idiomáticos. O coñecemento e interpretación de tales construcións axuda ás persoas falantes non nativas a usar a lingua de maneira adecuada, evitando erros e malentendidos na comunicación. Así mesmo, o dominio da fraseoloxía é un indicador da competencia lingüística, xa que as/os falantes utilizan as expresións idiomáticas soamente cando están seguras/seguros e cómodas/cómodos no seu manexo da lingua ou cando queren intensificar o impacto das súas palabras, o que, xeralmente, supón un nivel avanzado de habilidade lingüística.

Outro aspecto significativo da fraseoloxía está relacionado coa función afectiva e expresiva da lingua, o que implica que o uso da linguaxe metafórica enriquece a comunicación do individuo falante e permite transmitir a mensaxe dunha maneira fluída. Mediante o seu uso, a mensaxe vese máis ilustrativa e clara para as persoas interlocutoras, sempre que estas teñan os coñecementos suficientes para recoñecela e descifrala correctamente. As unidades fraseolóxicas intensifican a expresividade con diversas ferramentas, como son as seguintes: «o uso de elementos diacríticos, mapeamentos ilóxicos e inesperados, inconsistencias gramaticais e semánticas da linguaxe, efectos de son e outras idiosincrasias fonolóxicas [...]» (Trivić e Pejović 2020: 363). Aínda que a fraseoloxía está profundamente arraigada na historia, na tradición e na mitoloxía dunha comunidade lingüística, á súa vez, representa unha forma persoal de expresarse; isto lógrase a través de modificacións e variacións manexadas polos e polas falantes. Noutras palabras, a fraseoloxía implica o uso de expresións comúns e compartidas polas persoas falantes dun mesmo espazo lingüístico e cultural, pero, ao mesmo tempo, mediante elas, os e as falantes chegan a personalizar a súa comunicación elixindo as frases e os xiros que se axusten mellor á súa intención comunicativa, ao seu estilo e á súa personalidade. Como consecuencia, incluso as frases de estrutura fixa, case petrificada e estable, no uso, chegan a posibilitar un alto nivel da expresión individual.

Ademais dos aspectos comunicativos, didácticos e expresivos, o contexto cultural representa un punto ineludible nas análises fraseolóxicas. Para fortalecer e ampliar o dominio dunha lingua, non basta con puntualizar os aspectos mencionados; a competencia lingüística depende, en gran medida, dos coñecementos da base cultural, histórica e tradicional da lingua estudada e inclúe a comprensión da cultura e da idiosincrasia dun país ou rexión. Tal interdisciplinidade reflíctese nos estudos linguoculturais ou etnolingüísticos, sumamente significativos para a interpretación das unidades fraseolóxicas, profundamente arraigadas na cultura dunha comunidade lingüística. As expresións idiomáticas ou fraseolóxicas están vinculadas ás experiencias, aos valores e ás tradicións específicos para unha comunidade, un estrato social ou, incluso, para un grupo de persoas.

Entendemos, polo tanto, a fraseoloxía como parte integral de calquera idioma, como rama lingüística que vai máis alá das regras gramaticais e do vocabulario. A súa importancia radica na capacidade de mellorar a comunicación e enriquecer a expresión persoal, engadíndolle contido metafórico e «pintoresco». Os individuos falantes que valoran e dominan a fraseoloxía están mellor equipados para comunicarse de xeito eficiente, participar plenamente en diferentes situacións comunicativas e expresar diversos actos de fala.

² Realizouse unha tradución ponte de todas as citas incluídas neste traballo, previamente traducidas ao español polas súas autoras.

2. Breve panorama da fraseoloxía serbia

En todas as comunidades lingüísticas, as primeiras investigacións fraseolóxicas producíanse con propósitos sumamente prácticos: explicar e salvar do esquecemento o folclore, a tradición oral, os ditos e a sabedoría popular. As circunstancias non eran diferentes no caso da lingüística serbia, onde o impacto máis importante para as futuras investigacións paremiolóxicas e fraseolóxicas tívoo o libro *Srpske narodne poslovice* —serb. ciríl. *Српске народне пословице* (1849 [1836]), gal. *Proverbios populares serbios*—, de Vuk Stefanović Karadžić, filólogo, lingüista, lexicógrafo e o reformador máis importante da lingua serbia.³ Por primeira vez, foron recompilados refráns, expresións e outro saber popular que ata entón e durante varios séculos se transmitira de forma oral, pasando dunha xeración a outra. A colección que publicou Vuk serviu como incentivo para futuras compilacións paremiolóxicas.⁴ Posteriormente, a principios do século XX, o persoal erudito eminente, como Veselin Čajkanović (1914, 1975) ou Ivan Kasumović (1912, 1920) e, en menor medida, Lalević (1968, 1969) e Kašić (1971, 1973, 1986), realizaron investigacións folclóricas, lingüísticas, culturoolóxicas e paremiolóxicas con maior detalle a base dun corpus máis restrinxido. Exploraban e interpretaban contos, cancións, proverbios populares, a relixión e a mitoloxía co obxectivo principal de reconstruír as crenzas populares precristiás coas poscristiás, utilizando sempre o método comparativo das dúas etapas.

En canto aos traballos fraseolóxicos teóricos, naceron baixo a directa influencia da teoría fraseolóxica rusa. Os resultados obtidos durante o «Período Clásico» da fraseoloxía rusa, entre os anos cincuenta e oitenta do século XX, tiñan un impacto directo no despertar do interese por esta área entre as autorías iugoslavas. As primeiras investigacións teóricas dedicadas a temas fraseolóxicos apareceron na antiga Iugoslavia (incluída Serbia, unha das súas repúblicas) na década dos anos setenta do século XX.

³ Vuk Stefanović Karadžić (serb. ciríl. Вук Стефановић Караџић) exerceu un labor revolucionario no século XIX en todos os campos lingüísticos. En primeiro lugar, introduciu a lingua popular na literatura. Ata entón, o ruso-eslavo, o eslavo-serbio e o eslavo eclesiástico, entre outros, eran considerados linguaxes literarias e de prestixio, e utilizábanse en comunicacións oficiais, mentres que o pobo común non as coñecía. Despois, Vuk Karadžić estandarizou a lingua popular reformando e simplificando o alfabeto cirílico ata obter o maior grao de fonetismo, acorde cos principios «unha letra, un son» e «escribe como falas, le como se escribe», de J. C. Adelung. Para alén de introducir a reforma alfabética, escribiu a primeira gramática e ortografía, e redactou o primeiro dicionario da lingua serbia. Estandarizou o dialecto stokaviano, que segue usándose en Serbia e nalgúns países procedentes da ex-Iugoslavia: Croacia, Bosnia e Herzegovina, Montenegro. Moito persoal científico e seguidor de Vuk Stefanović Karadžić valorou enormemente o seu traballo, comparándoo coa produtividade dunha academia de ciencias. Non sobra mencionar que Vuk tamén foi tradutor (traduciu o *Novo Testamento*), coleccionista e pioneiro entre as e os antropólogos e etnógrafo; publicou recompilacións de refráns, cancións e contos populares serbios que el mesmo documentaba ao visitar rexións onde vivía a poboación serbia.

⁴ Con anterioridade, Jovan Muškatirović (serb. ciríl. Јован Мушкатировић) recolectara e publicara, por vez primeira, a colección de refráns e saberes populares serbios en Viena en 1787, baixo o título *Pričte iliti po prostomu poslovice temže sentencije iliti rječeniija* (esl. ecl. *Причте илиту по простому пословице тјемже сентенције илиту рјеченија*). Publicouse no idioma eslavo eclesiástico, que, naquel momento, era lingua oficial en Serbia (usábase na correspondencia oficial e nos servizos da Igrexa, mentres que, paralelamente, o pobo falaba o serbio, lingua popular, pero non estandarizada). Cando máis tarde Vuk Stefanović Karadžić recompilou e publicou proverbios populares, incluíu tamén o corpus de Jovan Muškatirović.

Destacaban os traballos de Josip Matešić, Antica Menac e Dragana Mršević-Radović, quen, a partir da oitava década, se ocuparon de diversas cuestións fraseolóxicas.

Algunhas destas autorías tamén se dedicaron ao labor fraseográfico. Os traballos pioneiros de confección de dicionarios fraseolóxicos foron realizados, ou mellor dito redactados, por Menac (*Diccionario fraseolóxico ruso-croata ou serbio*, srp-hrv. *Rusko-hrvatski ili srpski frazeološki rječnik*, Zagreb, 1979) e por Mrazović e Primorac (*Diccionario fraseolóxico alemán-serbocroata*, srp-hrv. *Nemačko-srpskohrvatski frazeološki rečnik*, Belgrado, 1981). Non sorprende o feito de que estes primeiros dicionarios fraseolóxicos foran bilingües, porque o seu aproveitamento era substancial no ensino de linguas estranxeiras, na tradutoloxía e na interpretación, igual que noutras áreas da lingüística aplicada. No «Prólogo» do seu dicionario, Menac precisa qué é o que entende polo termo *fraseoloxismo* ou *unidade fraseolóxica*:

Conxuntos de palabras non libres, é dicir, conxuntos que non se crean no proceso de fala, senón que se reproducen nunha forma feita, establecida cun uso continuo. Os seus elementos constituíntes adoitan amosar un grao maior ou menor de desemantización, así que, o significado global do fraseoloxismo non corresponde á suma dos significados das súas partes constituíntes. A relación entre algunhas partes do conxunto é firme, polo cal o contido, e incluso a orde dos elementos, é inmutable (Menac 1979: V).

O primeiro dicionario fraseolóxico serbocroata monolingüe foi o *Diccionario fraseolóxico da lingua croata ou serbia* (srp-hrv. *Frazeološki rječnik hrvatskoga ili srpskoga jezika*, Zagreb, 1982), de Josip Matešić. Representou un evento sumamente significativo para a lexicografía e a fraseografía serbocroatas, pois tratouse do primeiro dicionario deste tipo. O *Diccionario* tamén supuxo un grande avance no procesamento das unidades do sistema fraseolóxico e un incentivo de especial importancia para futuras investigacións. A lista das fontes utilizadas inclúe de maneira principal, segundo o propio autor (Matešić 1982: XII-XX), dicionarios monolingües, como son: *Diccionario serbio* (*Srpski rječnik*), de Vuk Stefanović Karadžić, Belgrado [1818] [1852] 1935; *Diccionario da lingua croata ou serbia*, da Academia Iugoslava das Ciencias e das Artes (*Rječnik hrvatskoga ili srpskoga jezika* Jugoslavenske akademije znanosti i umjetnosti, I-XXII), Zagreb 1880, 1973; *SANU Diccionario da lingua literaria e popular serbocroata*, da Real Academia Serbia das Ciencias e das Artes (*Rečnik srpskohrvatskog književnog i narodnog jezika* Srpske akademije nauka i umetnosti, I-IX, Beograd, 1959-1975); *Diccionario de Matica hrvatska* (*Rječnik matice hrvatske*), Zagreb 1967, e *Diccionario de Matica srpska* (*Rečnik Matice srpske*), Novi Sad 1967. Outra fonte non menos significativa está representada nas coleccións de fraseoloxismos e outros saberes populares, como son: *Canciós populares serbias* (*Srpske narodne pjesme*), de Vuk Stefanović Karadžić, Viena 1845; *Proverbios populares serbios* (*Srpske narodne poslovice*), de Vuk Stefanović Karadžić, Cetinje 1836, e *Historias montenegrinas e costeiras* (*Pripovijesti crnogorske i primorske*), de Stjepan Mitrov Ljubiša, Belgrado 1924. Os exemplos de uso dos fraseoloxismos foron extraídos de diferentes obras literarias, entre as que predominan as croatas e, en menor medida, as serbias e as bosníacas. Como conclúe Radović-Tešić (1983: 301),

este dicionario, «sendo a primeira recompilación sistemática e auténtica do tesouro fraseolóxico da nosa lingua [naquel entón, serbocroata], representa un bo comezo do traballo na fraseoloxía, parte da ciencia da linguaxe que, no noso país, está, podería dicirse, nos seus inicios.

No «Prefacio», o autor do dicionario explica que o seu obxectivo era «publicar, dun xeito documentado, o tesouro fraseolóxico da lingua croata ou serbia e, tamén, interpretar os significados dalgunhas unidades fraseolóxicas» (Matešić 1982: V). Adicionalmente, o dito autor ofrece a información necesaria para a interpretación dos fraseoloxismos, para a súa definición e confirmación de uso. Noutras palabras, esta información conforma os criterios para a inclusión dos fraseoloxismos no dicionario. O «Prefacio» ofrece, en definitiva, unha descrición detallada das unidades fraseolóxicas, despois adoptada por moitas outras autorías e consonte a cal os fraseoloxismos son unidades lingüísticas caracterizadas polos seguintes atributos: (1) unha forma ben establecida, (2) indivisibilidade do conxunto de palabras que conforman un fraseoloxismo, (3) variabilidade semántica de, polo menos, un membro da construción fraseolóxica e (4) encaixe no contexto, no sentido de que forman parte dunha unidade sintáctica superior, dunha oración ou dun enunciado (Matešić 1982: V). Xa que o *Diccionario* de Matešić se corresponde cun dicionario fraseolóxico xeral (e non didáctico, por exemplo, ou específico en canto ás características diafásicas ou diastráticas), non sorprende que presente unha macroestrutura máis ampla: posúe uns 30 000 lemas, dos cales uns 12 000 encóntranse exemplificados. Este dato pode ser mal entendido como desproporcionado, pero a explicación reside na característica técnica do *Diccionario*: un fraseoloxismo repítese como entrada independente cada vez que se menciona un dos seus elementos constituíntes.⁵ Outra calidade positiva do *Diccionario* destacada pola crítica é a indicación sistemática de certos trazos morfosintácticos; por exemplo, a colocabilidade verbal ou o aspecto (perfectivo e imperfectivo) dos fraseoloxismos están ben ilustrados. Tal práctica, ademais, contribúe ao alcance de uso da obra lexicográfica en cuestión dentro de contextos científicos e abre un abano posibilidades na análise lingüística.

Porén, aínda que as máis das críticas foron positivas, debido á indubidable achega do *Diccionario* á consolidación da fraseoloxía como disciplina lingüística na ex-Iugoslavia, houbo outras, diríamos que construtivas, que advertiron de solucións deficientes e pouco eficaces. Así, por exemplo, someteuse a dúbida o tratamento das construcións comparativas do tipo *colorido como paxaro carpinteiro, silencioso como nunha igrexa* ou *amarelo como un limón*⁶. Neste sentido, as críticas referíanse, en primeiro lugar, ás solucións formais, pois as construcións defínense baixo a entrada que representa o segundo elemento da comparación, o que resulta bastante raro na práctica lexicográfica. En segundo lugar, referíanse ao feito de haber «demasiada tolerancia na elección dos fraseoloxismos comparativos» (Radović-Tešić 1983: 302).

⁵ Na actualidade, esta práctica non se emprega, dadas as limitacións de espazo e mais porque a repetición da definición das unidades fraseolóxicas dificulta o manexo do dicionario.

⁶ En croata ou serbio, *šaren kao djetao, tiho kao u crkvi* e *žut kao limun* respectivamente.

Máis concretamente, sinalaban que non todas as comparacións tratadas no *Dicionario* se poden determinar como comparacións que cumpren co criterio de idiomaticidade ou desemantización, típico das unidades fraseolóxicas. Radović-Tešić (1983: 303) considera que se trata «da comparación segundo o trazo dominante do concepto denotado; neste caso, tal comparación (por fixado e habitual que for o conxunto de palabras) pertence ao dominio dos recursos estilísticos unicamente».

A fraseoloxía contemporánea serbia conta con dous dicionarios dun mesmo autor, de Đorđe Otašević: *Pequeno dicionario fraseolóxico serbio* (Belgrado, 2007) e *Dicionario fraseolóxico serbio* (Novi Sad, 2012) (serb. ciríl. *Мали српски фразеолошки речник* e *Фразеолошки речник српског језика* respectivamente). O segundo dicionario é unha versión ampliada e enriquecida do primeiro, e o seu valor áchase no feito de que constitúe o primeiro dicionario fraseolóxico monolingüe de lingua serbia. A diferenza do dicionario do seu antecesor Matešić (1982), o dicionario de Otašević concíbese como un dicionario moderno e exclusivo de lingua serbia, polo que chegou a «encher un gran baleiro na fraseoloxía serbia» (Nikolić 2013: 481). Malia que o «Prefacio» non ofrece o número exacto de unidades tratadas, conclúese que a obra contén unhas 25 000, as cales, polo xeral, pertencen ao idioma estándar. Os fraseoloxismos dialectais e obsoletos rexístranse de modo esporádico, ao mesmo que os arcaísmos. Estas características diafásicas e diatópicas, ao igual que sucede cos valores estilísticos, márcanse tal e como corresponde. Á parte diso, o autor utiliza os termos *fraseoloxismo* (serb. ciríl. *фразеологизам*), *modismo* (serb. ciríl. *идиом*) e *locución* (serb. ciríl. *фразем*), paralelamente, pero sen detallar o porqué da súa distinción e, tamén en contrapartida, no «Prefacio», non ofrece máis información acerca da estrutura do dicionario e dos lemas, nin do público meta, nin das fontes nin da etimoloxía das unidades tratadas. No entanto, as definicións son asaz precisas, a estrutura da entrada está clara e as expresións fanse fáciles de encontrar.

3. Achegas teóricas

A obra máis importante relativa á explicación e consolidación da fraseoloxía na lingüística serbia (serbocroata) publicouse en Belgrado en 1987 e escribiuna Dragana Mršević-Radović. A monografía *Sintagmas fraseolóxicos verbais e nominais na lingua serbocroata moderna* (serb. ciríl. *Фразеолошке глаголско-именичке синтагме у савременом српскохрватском језику*) asentou as bases da fraseoloxía serbia e proporcionou unha amplitude de posibles temas para futuras investigacións. A autora trata cuestións básicas no campo da fraseoloxía, como son os estudos fraseolóxicos, a determinación das súas unidades ou a clasificación dos fraseoloxismos (primordialmente, verbais e nominais). Ata hoxe, segue sendo o traballo máis relevante sobre a teoría da fraseoloxía na esfera da lingüística serbia.⁷

Tras a monografía de Mršević-Radović, comeza a medrar o interese pola fraseoloxía entre a comunidade lingüista de Serbia e préstase máis atención aos temas de índole práctica

⁷ As conclusións relevantes para a terminoloxía fraseolóxica aparecen tratadas no terceiro capítulo.

(semánticos, lexicolóxicos e pragmáticos), pois dábase por entendido que os asuntos teóricos xa foran tratados e ben explicados. Así, en 1989, Vladislava Petrović describiu en detalle a fraseoloxía dun rexistro especializado, o xornalístico, no seu libro *Fraseoloxía xornalística* (serb. ciríl. *Новинска фразеологија*). De acordo con Petrović (1989: 33), os fraseoloxismos xornalísticos forman parte da linguaxe xeral e serven como «ferramenta idiomática estándar cun contido establecido e unha estrutura relativamente estable». Por outro lado, serven tamén como ferramenta idiomática expresiva, cun amplo significado connotativo e expresivo (Petrović 1989: 41). Este segundo rol resulta significativo na construción de textos xornalísticos, no que ten a ver cos titulares sobre todo, porque cando os fraseoloxismos son altamente expresivos, contribúen a que o texto pareza pintoresco e rechamante para o público lector. Igual que calquera outro estilo funcional, o xornalístico tamén representa un fenómeno relativamente autónomo e complexo á hora de usar mecanismos lingüísticos. Caracterízase pola integridade estrutural e informativa e por un obxectivo pragmático, que consiste en alcanzar a comunicación nunha área social específica (científica, deportiva, publicitaria, profesional etc.) (Petrović 1989: 19).

Mršević-Radović, co seu libro *Fraseoloxía e cultura nacional* (serb. ciríl. *Фразеологија и национална култура*, Belgrado, 2008), demostra que as investigacións fraseolóxicas funcionan só en coalición «con outros fenómenos sociais, culturoolóxicos, etnográficos, históricos, filosóficos etc.» (Jovanović 2008: 359). A autora investiga a semántica das unidades fraseolóxicas nos planos sincrónico e diacrónico, buscando sempre a súa estrutura interna: «Na fraseoloxía eslava, a estrutura interna determínase como un contido lóxico; este contido pertence a unha base derivativa que se encontra en relación co significado fraseolóxico actual» (Jovanović 2008: 362). Polo tanto, o método de modelaxe estrutural e semántica pode ser aplicado a outras investigacións coma esta porque permite conectar o significado fraseolóxico actual coa súa estrutura interna.

Os temas obxecto de estudo abranguen diferentes perspectivas e a ontolóxica é a que prevalece nas unidades fraseolóxicas baseadas na experiencia humana: estas unidades tratan de dar resposta ás preguntas fundamentais sobre o mundo e a súa orixe, e, en moitos casos, esta radica na mitoloxía precristiá. A perspectiva espacial e temporal trátase nas unidades que conceptualizan o espazo e o tempo como algo afastado, próximo, coñecido ou forasteiro. As e os falantes, como resulta esperable, posúen unha actitude positiva cara ao próximo e coñecido, mentres que cos fenómenos afastados e descoñecidos, prevalecen o medo e o rexeitamento. Do mesmo modo, Mršević-Radović describe os modelos estruturais e semánticos que xeran fraseoloxismos mediante os cales a comunidade falante procura achar a causa dos males todos que a agonían (por exemplo, das enfermidades, das desgrazas, da violencia etc.). Finalmente, a perspectiva cristiá aplícase ás unidades que denotan a relación entre o ser humano e Deus, as diversas categorías morais, a dicotomía entre o bo e o malo. Deus, como divindade suprema, conceptualízase, na fraseoloxía serbia, a través das imaxes do protector e do xuíz xusto, ou sexa, a través do sentimento do medo ou dos fenómenos da beleza e da bondade. En definitiva, demóstrase que a relación entre a lingua e a cultura nacionais encóntrase fortemente arraigada na tradición folclórica e na cultura inmaterial do pobo.

Xa no tempo recente, os estudos en fraseoloxía xiran arredor de enfoques contrastivos e tradutolóxicos, cognitivos, lexicolóxico-semánticos, glotodidáticos etc. Así, Nataša Vulović, na súa monografía verbo da relación entre a fraseoloxía e a relixión serbias, encárgase das cuestións semántico-conceptuais nun corpus de fraseoloxismos con carga relixiosa, servíndose dos métodos compoñencial, semántico-estrutural, semántico-conceptual e de oposicións binarias. Este corpus expúxose como unha mostra válida para tirar conclusións asociadas á fraseoloxía serbia: os fraseoloxismos relixiosos, polo xeral, proveñen da Biblia e son comúns á maioría de países europeos; nótase a presenza de unidades procedentes da antiga mitoloxía eslava (as que conteñen compoñentes que denominan tradicións antigas, prácticas rituais, nomes de festas etc.), típicas para a comunidade serbofalante; os lexemas dominantes nos fraseoloxismos relixiosos son *deus*, *demo* e *alma* (serb. ciríl *бог*, *ђаво* e *душа* respectivamente); en canto ao significado, estas unidades lingüísticas resultan heteroxéneas, complexas e específicas (Vulović 2015: 286); a modelaxe estrutural ten suma importancia porque permite un enfoque preciso, científico na clasificación e interpretación do corpus; a modelaxe estrutural dos fraseoloxismos revela a estabilidade formal, confirmada, de feito, polas posibilidades de crear variantes estruturais, semánticas e léxicas; a clasificación temática crea campos léxico-semánticos, os cales confirman o dominio de significados antropocéntricos de diversa índole; a perspectiva linguocultural reflicte a unión dos contidos lingüístico e extralingüístico (ou cultural); a análise axiolóxica das oposicións binarias demostra a presenza dos fraseoloxismos de orixe precristiá, igual que os de orixe cristiá-ortodoxa, e o estudo do corpus extraído manifesta que as connotacións culturais se encontran sedimentadas e profundamente incorporadas «no fondo base da lingua literaria, nos principios éticos do pobo serbio e mais nos seus valores morais» (Vulović 2015: 291).

A investigación de Gordana Štrbac representa outra contribución asaz importante para a fraseoloxía serbia. Mencionamos, aquí, dúas monografías que parten de temas específicos, pero que aclaran cuestións xerais referentes á semántica e ao antropocentrismo na fraseoloxía: *Fraseoloxía sobre o home e o home na fraseoloxía* (serb. ciríl. *Фразеологија о човеку и човек у фразеологији*, Novi Sad, 2018) e *Somatismos e conceptualización da realidade en serbio* (serb. ciríl. *Соматизми и концептуализација стварности у српском језику*, Novi Sad, 2017), publicada en coautoría con Gordana Štasni. Na primeira, establécese a tarefa de explorar a imaxe fraseolóxica do home, o que supón determinar a forma na que o home se coñece e percibe a si mesmo mais as reflexións que tal coñecemento ten na lingua e no seu subsistema, na fraseoloxía (Štrbac 2018, pp. 241–242). A dita investigación confirmou a teoría de J. Apresian sobre a cronoloxía e a xerarquía dos sistemas humanos que se reflicten na linguaxe; os fraseoloxismos designan, en primeiro lugar:

[...] sistemas máis simples, como son as actividades perceptivas (entre as cales destaca a percepción visual en particular), os estados e procesos fisiolóxicos e a actividade física (na que predomina o movemento), igual que sistemas complexos que supoñen actividades intelectuais, sentimentos e fala. A fala encóntranse no cume da escala, como o sistema máis alto e complexo, cunha estrutura ramificada baseada nuns subsistemas máis simples. Tamén se confirmou a idea da forte conexión e interrelación entre os sistemas físico e espiritual.

Así pois, referímonos a unha vinculación estreita entre a percepción e o intelecto, entre as reaccións tanto físicas como fisiolóxicas e as emocións, e entre a actividade física e a fala. (Štrbac 2018: 242)

A segunda monografía ocúpase da fraseoloxía somática, que se investiga como fenómeno propio de cada comunidade lingüística; o concepto de ‘corpo’ e os principios da súa organización lingüística e extralingüística son inherentes a toda persoa falante (Štrbac e Štasni 2017: 135). A terminoloxía anatómica úsase para designar os dominios extracorpóreos e para expresar o entendemento e a interpretación da realidade; na conciencia humana, existen padróns de pensamento baseados, precisamente, no coñecemento corporal e que participan na comprensión doutras categorías máis abstractas. Estes padróns adoitan aparecer expresados por medio da fraseoloxía somática.

4. Terminoloxía usada na fraseoloxía serbia

Se temos en conta a excepcional diversidade conceptual e terminolóxica da fraseoloxía, é comprensible que non resulte tarefa fácil estipular, de maneira unánime, o seu obxecto de estudo e a nomenclatura ou clasificación das súas unidades. Como sucede con outras linguas, o serbio utiliza unha ampla variedade de termos para designar construcións fixas e idiomáticas: frase, xiro, xiro establecido/fixo, xiro fraseolóxico, xiro gnómico, construción establecida/fixa, frase establecida/fixa, fraseoloxismo, locución, combinación léxica, conxunto de palabras, modismo, frase idiomática, construción (serb. ciríl. *фраза, обрт, устаљени обрт, фразеолошки обрт, гномски обрт, устаљена конструкција, устаљена фраза, фразеологизам, фразем, лексички spoj, скуп/свеза речи, идиом, идиоматска фраза, конструкција* respectivamente). A día de hoxe, está claro cales dos termos se empregan como iguais xerarquicamente falando (é dicir, cales pertencen a un mesmo nivel clasificatorio dentro do eido da fraseoloxía; por exemplo, *expresión idiomática, modismo* e *locución*) e cales se consideran hiperónimos (por exemplo, *unidade fraseolóxica* en relación con *modismo*, ou *fraseoloxismo* en relación con *locución* ou *paremia*).

Na fraseoloxía serbia, os termos *unidade fraseolóxica* (serb. ciríl. *фразеолошка јединица*) e *fraseoloxismo* (serb. ciríl. *фразеологизам*) serven para nomear as unidades fraseolóxicas en xeral, sen especificar o estrato da fraseoloxía concreto. Mršević-Radović utiliza o termo *unidade fraseolóxica* como «nome xeral para unha unidade do sistema fraseolóxico dunha lingua que é amplamente aceptado e que corresponde ao sistema terminolóxico existente (por exemplo, a unidade semántica, a léxica etc.)» (Mršević-Radović 1987: 11). O termo *fraseoloxismo* representa, entón, un sinónimo de *unidade fraseolóxica* e, polo tanto é «o nome xeral para a unidade do sistema fraseolóxico que se usa con independencia das súas características estruturais, semánticas e funcionais» (Mršević-Radović 1987: 11).

As unidades fraseolóxicas encerran certa «cohesión de contradicións»: son compostos multiléxicos (forma complexa e composta por varios lexemas), pero posúen significado (significado fraseolóxico, xeral ou global) (Mršević-Radović 1987: 63).

A lingüística serbia e a exiugoslava acentúan as seguintes características peculiares dos fraseoloxismos: polilexicalidade, idiomaticidade (ou desemantización) e fixación estrutural e de uso. A diferenza das escolas española e da Europa Occidental en xeral, a serbia (como a escola exiugoslava e as da Europa do Leste tamén en xeral) destaca a expresividade como trazo distintivo dese tipo de unidades. Aínda que existen outras clases de compostos multiléxicos e de sintagmas de estrutura e significado estables, estes non poden considerarse fraseolóxicos porque exercen a función denominativa en exclusivo (é o caso, por exemplo, das colocacións). En troques, os compostos multiléxicos fraseolóxicos, alén da función denominativa, exercen a función expresiva (Mršević-Radović 1987: 17–18), por exemplo, cando serven de descritores ou caracterizadores dos trazos humanos. Como consecuencia, non sorprende a diferenza na determinación do obxecto de estudo da fraseoloxía nas dúas comunidades: a española inclúe as colocacións, mentres que a serbia exclúeas e considéraas parte integral da lexicoloxía (xunto con outros tipos de sintagmas fixos, como son os termos, entre outros).

A terminoloxía usada en cada área lingüística vese condicionada pola clasificación que se aplique nesa área de investigación. A causa disto, Mršević-Radović (1987: 21), nun sentido moi amplo, fala de *sintagmas fraseolóxicos* e *non fraseolóxicos*, onde estes últimos presentan un significado acumulativo e os primeiros, non. Ademais, a autora introduce o concepto de *sintagma terminolóxico*, que comparte algunhas características co de *sintagma fraseolóxico* (por exemplo, a estrutura complexa ou o significado unitario), pero os sintagmas terminolóxicos son máis estables na súa forma, cumpren a función denominativa unicamente (nunca a expresiva), non levan valores connotativos e tampouco pertencen á esfera da fraseoloxía. Así mesmo, Mršević-Radović fala das *estruturas perifrásticas*, que cumpren a función denominativa mais que, a diferenza dos sintagmas terminolóxicos, posúen certo grao de expresividade e son unidades *semifraseolóxicas* e *semiterminolóxicas* (Mršević-Radović 1987: 22). A aludida autora recomenda non incluílas nas investigacións fraseolóxicas, precisamente, porque se consideraren periféricas.

Continuándomos co retrato da fraseoloxía serbia, nela, é habitual falar de fraseoloxía tanto en sentido estrito como en sentido amplo. No estrito, a fraseoloxía inclúe o que agora denominamos *locucións* (serb. ciríl. *фразама, идиом*) e que antes se denominaba *fraseoloxismo* (serb. ciríl. *фразаологизам*). Mršević-Radović (1987) recomenda unha clasificación dos fraseoloxismos, ou locucións, baseada no parámetro semántico. Máis en concreto, ofrece unha clasificación fundamentada na relación entre o significado e a estrutura; nesta liña, distingue entre os *fraseoloxismos compoñenciais* e os *globais*. Diferéncianse entre si polo modo de distribución do significado fraseolóxico xeral respecto da súa complexa estrutura sintagmática; nos fraseoloxismos compoñenciais, existe a posibilidade de separar o constituínte, que funcionaría como portador do significado fraseolóxico. É este, de feito, o criterio básico de distinción dos dous tipos de fraseoloxismos (por exemplo, serb. *не вреди ни зрна боба*, esp. ‘no vale ni un centavo / pimiento’). No primeiro deles, a relación entre os constituíntes é unidireccional, ou sexa, a estrutura fraseolóxica depende da posición do colocativo, é dicir, do lugar que ocupa

o membro constituínte que proporciona o significado. Pola contra, nos fraseoloxismos globais, a relación entre os constituíntes é bidireccional, de dependencia mutua (Mršević-Radović 1987: 63); por exemplo, serb. *ухватити мазгу*, esp. ‘tomar las de Villadiego’.

Ao falar da fraseoloxía en sentido amplo, Mršević-Radović (1987) abrangue as *frases idiomáticas*, as *frases fixas* ou as *paremias*. Tamén se poden denominar *fraseoloxismos oracionais* porque contan cunha estrutura fixa e representan un enunciado completo. Polo tanto, trátase de unidades sintácticas que se caracterizan por unha estrutura complexa e estable, e que manifestan alto grao de estabilidade léxica (Mršević-Radović 1987: 24). En adición, á parte de significados primarios, denotativos, desenvolven significados secundarios, connotativos. Os refráns tamén forman parte deste diapazón oracional e ocupan un sitio especial dentro deste grupo de fraseoloxismos; supoñen un valor engadido para os fraseoloxismos oracionais porque expresan saberes orixinados na experiencia da vida. O seu valor reside, aínda tamén, nas posibilidades de modelaxe estrutural-semántica, xa que representan unha boa base para a creación doutros tipos de fraseoloxismos, como locucións, por exemplo.

Outro persoal lingüista serbio (Petrović 1989; Stanojčić 2010) segue o artellamento funcional e estilístico de Mršević-Radović (1987) á hora de organizar as unidades da fraseoloxía, tomando en consideración os trazos típicos da linguaxe literaria, xornalística, profesional ou con fins específicos, administrativo-xurídica, científica, coloquial, neutra e interestilística. Entre estes estilos e subestilos destaca, en termos de frecuencia de uso, o xornalístico, dado que constitúe unha das formas máis estendidas de comunicación e, ao mesmo tempo, un medio de comunicación profundamente dinámico (Petrović 1989: 37). O estilo xornalístico utiliza a fraseoloxía como ferramenta ben útil no momento de chamar a atención do público meta; durante este proceso, as unidades fraseolóxicas acostuman ser modificadas, actualizadas e amplificadas en novos contextos comunicativos.

Unha outra autora que repara nos parámetros estruturais e funcionais é Larisa Razdobudko-Čović (2003), quen entende o alcance da fraseoloxía nun sentido bastante amplo e divide os tipos das súas unidades en modismos ou unións fraseolóxicas (serb. ciríl. *идиоми, фразеолошка срашћења, јединства*), sintagmas fraseolóxicas (serb. ciríl. *фразеолошке синтагме*), construcións comparativas (serb. ciríl. *поређбене конструкције*) e construcións de casos preposicionais (serb. ciríl. *предложко-надежне конструкције*) (Razdobudko-Čović 2003: 91). Razdobudko-Čović tamén advirte de que a análise fraseolóxica debe abranguer os proverbios (serb. ciríl. *половице*; por exemplo, *из твојих уста у Божије уши*, lit. esp. ‘de tu boca a los oídos de Dios’), os refráns (serb. ciríl. *изреке*; por exemplo, serb. ciríl. *у здравом телу здрав дух*, esp. ‘mente sana en corpo sano’), as citas do folclore popular e outras formas sintacticamente complexas. A lingüista que nos ocupa (2003: 91) vai máis alá na delimitación do ámbito fraseolóxico, cando recomenda incluír nel enunciados como ameazas (serb. ciríl. *претње*; por exemplo, *опраћу ти уста сапуном*, esp. ‘te voy a lavar la boca con jabón’); maldicións (serb. ciríl. *клетве*; por exemplo, *уста ти се осушила*, lit. esp. ‘así se te seque a boca’); e xuramentos, *declaracións, xiños varios e constatacións* (serb. ciríl. *заклетве, изјаве, разни судови, констатације*).

Á parte desta organización funcional das unidades da fraseoloxía, Stanojčić (2010) fai outra, baseada en características expresivas e emocionais, partindo do seu carácter pintoresco e rechamante. De aí procede a diferenciación en (1) *fraseoloxía de matiz con connotación positiva*, dentro da cal as unidades presentan un ton familiar, humorístico e amable e expresan respecto, encanto e aprobación, coma nos exemplos *бити луд за неким (нечим)* (esp. ‘estar loco por alguen [algo]’), *бити десна рука (некоме)* (esp. ‘ser la mano derecha [de alguen]’); e (2) *fraseoloxía de matiz con connotación negativa*, dentro da cal as unidades presentan un ton irónico, despectivo e vulgar (Stanojčić 2010: 205), coma en *бити ударен/онаџен у главу* (esp. ‘estar tocado/a de la cabeza’).

Na mesma liña, as unidades obxecto de estudo da fraseoloxía enmarcada na lingüística serbia diferéncianse, a miúdo, dependendo do grao de «pintoresquismo», simbolismo ou transparencia idiomática. Así, por exemplo, as unións fraseolóxicas (serb. ciríl. *фразеолошка сраићења / јединства*) manteñen un alto nivel de motivación, o que se orixina na súa forma pintoresca e expresiva. Nelas, é posible separar unha parte do significado dun ou máis compoñentes da unidade fraseolóxica (Mršević-Radović 1987, Razdobudko-Čović 2003). Por ilustrármolo cun caso, na unidade serbia *бити тврде главе*, e española ‘ser un/a cabeza dura’, é posible dividir o significado global en dous compoñentes, os dous relacionados co significado global. En contraste, existen construcións nas que non se pode detectar a motivación e, consecuentemente, non resulta posible iso de relacionar os compoñentes co significado global (por exemplo, serb. *с неба па у ребра*, esp. ‘de buenas a primeras’).

As influencias da escola anglosaxoa áchanse presentes na lingüística e, de xeito parcial, na fraseoloxía serbia. Un bo exemplo disto son a nomenclatura e a interpretación da fraseoloxía de Tvrtko Prčić (1997), quen se refire ás unidades fraseolóxicas como compostos léxicos. Investígaos a nivel combinatorio, como as unidades que se crean como combinacións de lexemas individuais e reflicten as relacións sintagmáticas existentes nunha lingua. De tal modo, subliñase a importancia do coñecemento e recoñecemento das aludidas relacións e das unidades que estas crean, xa que nos serve como indicador da competencia lingüística do ou da falante.

De acordo co criterio de estabilidade da composición formal, Prčić (1997: 114), pola súa banda, divide os compostos léxicos en colocacións (serb. ciríl. *колокације*, ingl. *collocations*) e modismos (serb. ciríl. *идиоми*, ingl. *idioms*). Os modismos teñen unha estrutura máis sólida e un maior grao de idiomaticidade en comparación coas colocacións (Prčić 1997: 114). Seguindo a Lyons (1995), Prčić, ademais, divide os modismos (ingl. *idioms*) en lexemas fraseomáticos (serb. ciríl. *фразне лексеме*), *fórmulas discursivas* (serb. ciríl. *дискурсне формуле*) e refráns (serb. ciríl. *изреке*). Os lexemas fraseomáticos (por exemplo, serb. *заљубити се до ушију*, esp. ‘enamorgarse hasta los huesos / las trancas’) son unidades léxicas híbridas que se executan formalmente como sintagmas, pero que se comportan como lexemas en termos de función, contido e uso.

Prčić correspóndese cunha das primeiras autorías serbias en localizar as fórmulas discursivas no ámbito fraseolóxico, aínda que este razoamento non se mantivo no contorno serbio. Determínanas como oracións ou frases cuxo uso se encontra establecido nunha lingua de maneira habitual e cuxa función consiste en iniciar, manter, controlar e finalizar a comunicación. Ademais, indica, cumpren con diversos actos comunicativos, entre eles saudar, interpelar, presentarse, agradecer e aprobar (por exemplo, serb. ciríl. *види ко ми каже*, esp. ‘mira quién habla’; serb. *било како било*, esp. ‘sea lo que sea’) (Prčić 1997: 128).

Os refráns son enunciados cuxa función elemental consiste en comentar ou reaccionar ante diversas situacións comunicativas. Prčić (1997) distingue entre ditos tradicionais (serb. ciríl. *традиционалне изреке*) e ditos populares (serb. ciríl. *популарне изреке*). Nos ditos tradicionais inclúense os proverbios (serb. ciríl. *пословице*), mormente de orixe descoñecida, os aforismos domesticados (serb. ciríl. *одомаћени афоризми*) e os epigramas (serb. ciríl. *епиграми*), e expresan algunha reflexión, xuízo ou crenza breve, concisa e inxeniosa, de carácter sabio, fundamentada na experiencia ou observación. Os ditos populares son expresións breves e eficientes producidas por unha persoa ou por un grupo público do ámbito artístico, político, de entretemento etc. (Prčić 1997: 129). A miúdo, teñen como obxectivo principal atraer a atención dun público máis amplo para se volveren, logo, populares e convertérense nunha especie de pegada ou símbolo de quen os creou. A nomenclatura e a clasificación de Prčić non están aceptadas en círculos lingüísticos amplos, pero si dentro do contorno anglosaxón serbio.

O libro *Lexicología da lingua serbia* (serb. ciríl. *Лексикологија српског језика*, Belgrado, 2007), de Rajna Dragičević, conforma unha lectura obrigatoria nos cursos de lingüística de fraseoloxía serbia. No que concirne á fraseoloxía, esta autora pon énfase no seu carácter interdisciplinar, pois está conectada con outros campos do coñecemento tanto lingüísticos (lexicología, semántica, sintaxe, estilística...) como non lingüísticos (culturoloxía, antropoloxía, psicoloxía, socioloxía...); mesmo chega a cualificar a fraseoloxía como unha «disciplina expansiva». Esta sorte de «expansión» caracteriza, tamén, outras disciplinas, como a lexicología: «hoxe, resulta imposible investigar a lexicología sen saír dela» (Dragičević 2010: 8). Amais diso, trata a cuestión da identificación dos fraseoloxismos considerando a súa diferenciación doutros enunciados encadeados; ao igual que outras e outros fraseólogos serbios, Dragičević salienta dous dos criterios para ter en conta en tal proceso: (1) o formal, que atangue á polilexicalidade, e (2) a fixación estrutural e semántico-sintáctica, vencellada ao sentido único (adopta os termos *sentido xeral* ou *global* de Mršević-Radović, 1987), á expresividade, á participación nunha construción sintáctica e á adaptación ao contexto (Dragičević 2009). Engade, aínda, que a fraseoloxía actual se ve xeralmente marcada polas investigacións contrastivas e linguoculturais e ambas correntes supoñen que as diferentes linguas conceptualizan e fragmentan a realidade de diferentes maneiras. Co fin de demostrar que a lingua e a realidade son, en efecto, significativamente diferentes nas distintas culturas, as investigacións contrastivas acentúan as diferenzas (Dragičević 2010: 25). Non obstante, cando se reflexiona acerca dos resultados de tales investigacións, resulta que estes fornecen conclusións completamente contrarias:

«As similitudes [entre linguas] son numerosas e as diferenzas, poucas, insignificantes e condicionadas» (Dragičević 2010: 25). Por este motivo, a autora conclúe que a lingüística como ciencia na súa fase anterior, cando se ocupaba dos universais lingüísticos, tivo máis éxito que a lingüística actual, cuxo foco de interese xira arredor das especificidades producidas polas diferentes culturas.

5. Conclusións

As primeiras coleccións de índole fraseolóxica en Serbia, ao igual que noutras comunidades lingüísticas, nacen como resultado do traballo de individuos inspirados a salvaren a tradición oral e a literatura popular do esquecemento. Os e as entusiastas como Jovan Muškatirović e, especialmente, Vuk Stefanović Karadžić foron pioneiros na recompilación e publicación de proverbios, sentencias e outros saberes populares. Eles deron os primeiros pasos cara ao que máis adiante chegaría a denominarse *paremioloxía*, unha parte integral da fraseoloxía.

A fraseoloxía como disciplina lingüística e teórica consolídase a partir dos anos setenta do século pasado. Desde entón, en Serbia, tivo unha traxectoria similar á das outras fraseoloxías de Europa do Leste.

Os dicionarios propiamente fraseolóxicos confecciónanse, en primeiro lugar, no plano contrastivo; logo, no plano da lingua común da ex-Iugoslavia (o serbocroata) e, a partir deste século, publícanse dicionarios exclusivamente serbios. Os traballos importantes para o pronunciamento e consolidación da fraseoloxía dentro da lingüística serbia (naquela altura, serbocroata) publícanse nos anos setenta e oitenta. A maior autoridade no campo da teoría fraseolóxica serbia é Dragana Mršević-Radović, cuxo entendemento da disciplina mais cuxa determinación e clasificación das unidades fraseolóxicas serán a base para todas as futuras investigacións no tema.

Algunhas peculiaridades da fraseoloxía serbia son as seguintes: a disciplina enténdese no senso amplo, o que significa a inclusión non soamente de locucións e modismos, senón tamén de construcións con estrutura oracional, como son os proverbios e os refráns; e as colocacións (serb. ciríl. *κ олокације*) non adoitan incluírse nos estudos porque, na lingüística serbia, invéstiganse como construcións fixas e non idiomáticas, co cal forman parte da terminoloxía e a lexicoloxía e non da fraseoloxía.

Os termos *fraseoloxismo* ou *unidade fraseolóxica* (serb. ciríl. *фразеологизам, фразеолошка јединица*) acostuman utilizarse para denominar todas as unidades da fraseoloxía, sen tomar en consideración o grao de estabilidade formal ou de opacidade semántica. Paralelamente, úsanse para referirse ás unidades fraseolóxicas no senso máis restrinxido, para o que denominamos *locución* (*фразем, удиом*). Baixo o hiperónimo *fraseoloxismo*, achamos hipónimos como *locución* ou *modismo* (*фразем, удиом*), *proverbio* (*пословица*), ou *refrán* (*изрека*).

Nun principio, as investigacións fraseolóxicas centrábanse nos temas de índole semántica, lexicolóxica e sintáctica. Con posterioridade, préstase máis atención aos temas de índole práctica (glotodidácticos, contrastivos) e interdisciplinar (cognitivos, pragmáticos, linguoculturais). Para esta ocasión, presentamos algúns dos traballos que cremos que contribuíron ao desenvolvemento e consolidación da fraseoloxía serbia, e que consideramos claves para o entendemento dos enfoques dominantes no noso contorno lingüístico. O número das publicacións é significativamente maior, especialmente cando se considera o plano contrastivo.

6. Referencias bibliográficas

- Corpas Pastor, G. (1996). *Manual de fraseología española*. Gredos.
- Čajkanović, V. (1994 [1914]). *U Boga su vunene noge, a gvozdene ruke*. Kraljevsko-srpska državna štamparija.
- Čajkanović, V. (2022 [1973]). *Rečnik srpskih narodnih verovanja o biljkama*. Talija izdavaštvo.
- Dobrovolskij, D. e Filipenko, T. (2007). Russian phraseology. En H. Burger, D. Dobrovol'skij, P. Kühn e N. R. Norrick (Eds.), *Phraseologie. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung. Phraseology. An International Handbook of Contemporary Research* (pp. 714–727). Walter de Gruyter.
- Dragičević, R. (2007). *Leksikologija srpskog jezika*. Zavod za udžbenike.
- Dragičević, R. (2009). O problemima identifikacije frazeologizama. *SuedSlavistic online*, 1, 35–44.
- Dragičević, R. (2010). *Verbalne asocijacije kroz srpski jezik i kulturu*. Čigoja.
- Jovanović, V. (2008). Novo o srpskoj frazeologiji, *Književnost i jezik*, 55(3/4), 361–368
- Kasumović, I. (1912). Hrvatske i srpske narodne poslovice spram grčkih i rimskih poslovice i krilatica. *Rad JAZU*, 191, 68–264.
- Kasumović, I. (1914). Esopovska basna grčka i rimska u hrvatskom i srpskom narodnom pričanju. *Zbornik za narodni život i običaje Južnih Slavena*, 19(1), 1–34.
- Kašić, J. (1973). *Vukove poslovice kao građa za jezička ispitivanja*. Matica srpska.
- Kašić, J. (1986). *Neke jezičke pojave u poslovicama i zagonetkama*. Institut za jezik i književnost.
- Lalević, M. (1968). *Vuk o svadbenim običajima u svom rječniku: prilog proučavanju Vukova rada na folklore*. Savez udruženja folklorista Jugoslavije.
- Lalević, M. (1969). *Značenje triju Vukovih poslovice*. Savez udruženja folklorista Jugoslavije.
- Matešić, J. (1982). *Frazeološki rječnik hrvatskoga ili srpskoga jezika*. Školska knjiga.
- Menac, A. (1979). (Ed.). *Rusko-hrvatski ili srpski frazeološki rječnik*. Školska knjiga.
- Mrazović, P. e Primorac, R. (1981). *Nemačko-srpskohrvatski frazeološki rečnik*. Narodna knjiga.
- Mršević-Radović, D. (1987). *Frazeološke glagolsko-imeničke sintagme u savremenom srpskohrvatskom jeziku*. Filološki fakultet Univerziteta u Beogradu.
- Mršević-Radović, D. (2008). *Frazeologija i nacionalna kultura*. Društvo za srpski jezik i književnost Srbije.
- Nikolić, M. (2013). Đorđe Otašević, *Frazeološki rečnik srpskog jezika*. Novi Sad, Prometej, 2012. *Južnoslovenski filolog*, LXIX, 481–487.

- Otašević, Đ. (2007). *Mali srpski frazeološki rečnik*. Alma.
- Otašević, Đ. (2012). *Frazeološki rečnik srpskog jezika*. Prometej.
- Pejović, A. (2015). *Kontrastivna frazeologija španskog i srpskog jezika*. Filološko-umetnički fakultet Univerziteta u Kragujevcu.
- Pejović, A. e Trivić, A. (2023). Caminos de la fraseología contrastiva del español y el serbio. *Facta Universitatis. Series: Linguistics and Literature. El camino y el viaje en el mundo hispánico*, 21(2).
- Prčić, T. (1997). *Semantika i pragmatika reči*. Izdavačka knjižarnica Zorana Stojanovića.
- Razdobudko-Čović, L. (2003). *Semantika i pragmatika somatizama u srpskom i ruskom jeziku*. Vedes.
- Radović-Tešić, M. (1983). Josip Matešić, Frazeološki rječnik hrvatskoga ili srpskog jezika, Školska knjiga, Zagreb, 1982. *Južnoslovenski filolog*, XIX, 301–306.
- Stanojčić, Ž. (2010). *Gramatika srpskog književnog jezika*. Kreativni centar.
- Stefanović Karadžić, V. (1977 [1849]). Srpske narodne poslovice i druge različne kao one u običaj uzete riječi. Nolit.
- Štrbac, G. (2018). *Frazeologija o čoveku i čovek u frazeologiji*. Filozofski fakultet Univerziteta u Novom Sadu.
- Štrbac, G. (2019). Frazeološka jedinica i pristupi u njenom izučavanju. *Naučni sastanak slavista u Vukove dane*, 48 (1), 259–269.
- Štrbac, G. e Štasni, G. (2017). *Somatizmi i konceptualizacija stvarnosti u srpskom jeziku (glava i njeni delovi)*. Filozofski fakultet Univerziteta u Novom Sadu.
- Trivić, A. (2013). Neka teorijska pitanja iz španske i srpske frazeologije: određenje frazeološke jedinice. En J. Vučo e V. Polovina (Eds.), *Savremeni tokovi u lingvističkim istraživanjima*, knj. 2 (pp. 41–56). Filološki fakultet Univerziteta u Beogradu.
- Trivić, A. e Pejović, A. (2020). Intenzifikacija ekspresivnosti u frazeologiji srpskog i španskog jezika. En M. Kovačević e J. Petković (Eds.), *Ekspresivnost u srpskom jeziku*, knj.1 (pp. 351–364). Filološko-umetnički fakultet Univerziteta u Kragujevcu.
- Vulović, N. (2015). *Srpska frazeologija i religija. Lingvokulturološka istraživanja*. Institut za srpski jezik SANU.